



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONXI15X	Expediente CON/99/2013	Fecha 10-10-13 09:01

Sello o Certificación Mecánica



## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A CREACIÓN DUNHA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE GALICIA

I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### 1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato será a realización de **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia.**

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

O devandito obxecto corresponde ao código 45112723-9 e 37400000-2 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

#### 2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeción á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán **executivos**, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

#### 3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto de **subministros e obras**, de carácter administrativo, prevalecendo o carácter de contrato de subministros dada a superior contía da parte correspondente a éstos, de conformidade co establecido nos artigos 12 e 19 do RDL 3/2011 de 14 de novembro polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.2.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01

Sello o Certificación Mecánica



órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

#### **4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

4.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 84 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidad a que se refire o artigo 55 TRLCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

4.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223.g) da TRLCSP. (art. 64 TRLCSP)

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 84.1 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONX15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

4.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

## **5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

5.1.- O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en **124.144'70** euros.

O IVE correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a 26.070'38 euros.

Nas cantidades sinaladas, así como nas fixadas nas proposicións económicas presentadas e no importe da adxudicación, atópanse incluídos a totalidade dos gastos que ó adxudicatario lle poida producir a realización do presente contrato de acordo co previsto na cláusula 23 do presente prego. Igualmente están incluídos os gastos de entrega e transporte dos bens do suministro ata o lugar convidado e, no seu caso, os gastos de instalación dos referidos bens, non podendo superar estes últimos o 49% do prezo máximo do contrato.

## **6.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES**

Non se esixe clasificación para os contratos de subministro.

## **7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **070 17100 60902**.

## **8. REVISIÓN DE PREZOS**

Non procede.

## **9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN**

9.1.- O contrato terá un prazo máximo de execución de **2 meses**, a contar desde o día que se estipule no contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



II

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

**10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 TRLCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, é coincidente co orzamento de licitación.

10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os seguintes criterios de adxudicación:

**CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS (ATA 49 PUNTOS)**


**1. XOGOS INFANTÍS, CHAN DE SEGURIDADE, VALOS DE PROTECCIÓN E MOBILIARIO (bancose papeleiras)..... Ata 40 puntos.**

Analizarase cadanseu apartado do Prego relativo ao deseño, a estética e o valor lúdico, realizándose un cadro comparativo de tódalas ofertas presentadas.

Obterá a máxima puntuación, o licitador que propoña a oferta máis vantaxosa e cero (0) puntos a menos vantaxosa, establecéndose a puntuación das restantes mediante interpolación.

Outorgarase a valoración correspondente considerando o peso dos criterios establecidos e segundo o descrito no seguinte cadro:

ELEMENTO	DESEÑO	ESTÉTICA	VALOR LÚDICO
Xogos (45%)	50%	25%	25%
Chan (20%)	30%	35%	35%
Valos (10%)	75%	25%	0%
Mobiliario (5%)	75%	25%	0%
Xardinería (10%)	80%	15%	5%



**CONCELLO DE SANTIAGO**

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento	Expediente	Fecha
CONXI15X	CON/99/2013	10-10-13 09:01

Sello o Certificación Mecánica



Estanque (5%)	60%	40%	0%
Biosaludables (5%)	40%	30%	30%

**2. CALIDADE DOS MATERIAIS..... ATA 9 PUNTOS.**

Analizaránse cada un dos apartados do Prego relativo á calidade dos materiais e realizaránse un cadro comparativo de tódalas ofertas presentadas. Obterá a máxima puntuación o licitador que propoña a oferta máis vantaxosa e cero (0) puntos a menos vantaxosa, establecéndose a puntuación das restantes mediante interpolación.

Outorgarase a valoración correspondente considerando o peso dos criterios establecidos e segundo o descrito no seguinte cadro:

Xogos (40%)
Chan (15%)
Valo (15%)
Mobiliario (5%)
Xardinería (15%)
Estanque (5%)
Biosaludables (5%)

**CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS (ATA 51 PUNTOS)**

**1. MAIOR BAIXA ECONÓMICA.....ATA 27 PUNTOS**

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor segundo o criterio do "prezo máis baixo da oferta". Obtida a orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgaráselle a puntuación máxima de 27 puntos á oferta máis baixa e aplicaráselle ao resto das ofertas a seguinte fórmula (para calcula-la súa puntuación):

**$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$**

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONXI15X	Expediente CON/99/2013	Fecha 10-10-13 09:01



Sendo:

*Pn: puntuación da oferta.*

*Pm: puntuación máxima posible.*

*Ob: importe da oferta máis baixa.*

*On: importe da oferta que hai que puntuar.*

## 2. MELLORAS

**Melloras. Servizo de mantemento ..... Ata 15 puntos.**

Ampliación do prazo do servizo de mantemento, incrementándose 5 puntos por ano adicional ata un máximo de 15 puntos (soamente se inclúe a área de xogos infantís).

**Melloras. Ampliación do prazo de garantía ..... Ata 9 puntos.**

Ampliación do período de garantía dos elementos ofertas contra todo defecto de fabricación, transporte e instalación, incrementándose 3 puntos por ano adicional ata un máximo de 9 puntos (soamente se inclúe a área de xogos infantís).

## 11.- GARANTÍA PROVISIONAL

De acordo co establecido no artigo 103.1 da TRLCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

## 12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

12.1.- As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **8 días naturais** a contar desde o día seguinte á data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.


12.2.- A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-54.23.04), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concurrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

12.3.- Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

12.4.- A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



### **13.- CONTIDO DAS PROPOSIÇÕES**

13.1.- As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia CON/99/2013** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax , e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

#### **13.2.- SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación Xeral **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia CON/99/2013**

O seu contido será o seguinte:

13.2.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

13.2.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

13.2.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



13.2.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

Os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que líciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

13.2.2.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 73 e 146.1.c) TRLCSP) (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

13.2.3.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

13.2.4.- Documentación acreditativa da solvencia económica e técnica, de acordo co disposto no apartado 4.2 deste prego.

13.2.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable,



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

**13.3.- SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia CON/99/2013**

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación **SOBRE Nº 2, CON/99/2013**), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.

En relación cos devanditos criterios de adxudicación, o licitador deberá aportar a documentación que, ó respecto, fixa o prego de prescricións técnicas.

Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requerimento será motivo de **exclusión** da licitación

Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade da documentación presentada, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

**13.4.- SOBRE Nº 3** Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia CON/99/2013**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación **SOBRE Nº 2, CON/90/2013**), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.

13.4.1. O contido da **oferta económica** será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE, de ser o caso.

13.4.2. Ademais da oferta económica e das melloras, os licitadores deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato.

13.4.3. Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade da documentación presentada, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

13.5.- O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 145.3 TRLCSP)

13.6. Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

## 14.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación estará integrada por:

**Presidente:** O/a concelleiro/a delegado/a de Parques e Xardíns ou, no seu defecto, calquera outro no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



**Vocais:**

- Un representante de cada grupo político municipal.
- O xefe do departamento de parques e xardíns.
- Un arquitecto municipal.
- O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.
- O Interventor xeral municipal, ou persoa que o substitúa.

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

Ós efectos de axilidade no procedemento, as reunións da mesa de contratación serán convocadas ós seus membros vía fax ou correo electrónico.

**15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL**

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

**16.- APERTURA DE PROPOSICIÓNS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE Nº 1** e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do **SOBRE Nº 2** dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación **NON** avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes.

A apertura deste **SOBRE Nº 2** terá lugar nun prazo non superior a 4 días a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 1** e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de **3 días hábiles** a súa celebración.

16.2.- No prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 2** realizarase a avaliación dos criterios ós que se refire o apartado anterior, e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estime oportuno, fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do **SOBRE Nº 3**, que contén os criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de **2 días hábiles** a través do perfil de contratante do órgano de contratación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



16.2.1.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta da ponderación acadada por cada licitador admitido nos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

16.2.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do SOBRE Nº 3 dos licitadores admitidos, dando lectura ós criterios.

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

16.3.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluíra en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello. (art. 160.2 TRLCSP).

## 17.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

17.1. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

17.2. A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

17.3. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditarlo mediante declaración responsable.

- O Concello comprobará, de oficio, que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela. De telas, requiriráselle para que, no mesmo prazo de 10 días hábiles que se lle conceden para o depósito da fianza definitiva e demais taxas, aboe os importes pendentes.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

## **18.- ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 3 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 161.2 TRLCSP)

### III

## FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### 19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 8 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 151.4 da TRLCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 59 TRLCSP).

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

### IV


## EXECUCIÓN DO CONTRATO

### 20.- COMPROBACIÓN DO REPLANEAMENTO

No prazo non superior a un mes desde a data de formalización do contrato, salvo casos excepcionais xustificadas, procederase, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replaneamento realizado previamente á licitación, de acordo co establecido no artigo 229 da TRLCSP, e nos artigos 139, 140 e 141 do Regulamento Xeral da LCAP.

### 21.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

## **22.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA**

O contrato executarase con estrita sujeción ás estipulaciones contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dese o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

Os bens obxecto do subministro deberán ser entregados nas dependencias que designe o Concello de Santiago e no prazo sinalado na cláusula 9 do presente prego, ou no que ofertase o contratista na súa proposición, se fora menor.

O mantemento dos bens subministrados realizarase igualmente de acordo coas prescricións técnicas, rexéndose os seus efectos, cumprimento e extinción polo presente prego e polas normas da TRLCSP correspondentes ós contratos de servizos.

A administración poderá inspeccionar as diferentes fases de elaboración dos bens a subministrar. Así mesmo o órgano adxudicador poderá efectuar por sí mesmo, ou ordear ó contratista, a costa de éste, a realización de análises, ensaios e probas dos materiais empregados e dos bens a subministrar, a fin de comprobar que se adecuan á calidade e idoneidade ofertadas polo adxudicatario.

O contratista estará obrigado a realizar todas as operacións que resulten necesarias para a instalación, posta en funcionamento ou posta en marcha dos bens a subministrar, de conformidade co establecido no prego de prescricións técnicas, considerándose o seu coste incluído no prezo do contrato.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, respondendo éste da calidade dos bens e dos vicios ocultos que puideran apreciarse durante o prazo de garantía. (art. 215 e 292.2 TRLCSP)

Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os defectos que se poidan apreciar que sexan consecuencia directa e inmediata dunha actuación ou orde da Administración.

O contratista non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrese en mouroa ao recibilos.

Será obrigaón do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 214 TRLCSP)

O contratista será responsable de obter as cesións, permisos e autorizacións dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación que, no seu caso, resulten necesarias, correndo pola súa conta o abono

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



das indemnizacións que puidesen corresponder por tales conceptos. Así mesmo, serán responsables de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar, no seu caso, á Administración de todos os danos e prexuízos que para a mesma puidesen derivarse con motivo da interposición de reclamacións.

Cando o acto de recepción dos bens obxecto da subministración sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre unha e outra.

O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

O contratista deberá cumprir a normativa de prevención de riscos laborais, e para cumprir a obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co Concello para a aplicación da mesma, respectar as instrucións e normas internas de seguridade e saúde laboral do Concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividades e contratacións.

### **23.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA**

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente. (art. 145.5 TRLCSP)

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

### **24.- ABONOS AO CONTRATISTA**

O contratista terá dereito ó abono dos subministros efectivamente entregados e formalmente recibidos pola Administración.

O pago do prezo do contrato realizarase de acordo cos prazos previstos na cláusula 9 do presente prego, e previo informe favorable ou conformidade do funcionario que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable do mesmo.

O pago realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola Unidade que reciba o traballo ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 218 TRLCSP)

Previa solicitude do contratista, o órgano de contratación poderá autorizar valoración e abonos parciais de traballos efectuados antes de que estes sexan entregados. Para levar a efecto tales abonos, o contratista deberá garantir previamente o seu importe, mediante a prestación da correspondente garantía, nos termos dos artigos 35 a 47 do RXLCAP.

## **25.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS**

O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 do presente prego.

Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.


A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 da TRLCSP.

## **26.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 212.1 TRLCSP)

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:



**CONCELLO DE SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01

Sello o Certificación Mecánica



### **Infraccións:**

- As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

- Consideranse infraccións moi graves as seguintes:

- O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.

- O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas ( IRPF) e Seguridade Social dos empregados.

- Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.

- As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.

- O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó contrato, sempre que mediara requirimento municipal para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.

- O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.

- Falsear información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.

- A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.

- O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

### **- Consideraranse infraccións graves :**

- O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó contrato, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

- O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



- A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.

- A falta de contracción de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.

- A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

- Considéranse infraccións leves:

- Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.

- Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

**- Sancións:**

- As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:

- As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.

- As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.

- As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

Todas as sancións imporanse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

**V**

**SUBCONTRATACIÓN**

**27.- SUBCONTRATACIÓN**

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60% do importe de adxudicación do contrato.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONX115X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.

Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 da TRLCSP.

Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houberse, non exceden do 60% do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 227 da TRLCSP.

As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista, que o director ou supervisor da execución do contrato emita informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data polo contratista para a execución do contrato principal ou, no seu caso, constatando que non se produciu subcontratación.

## VI

### MODIFICACIÓN DE CONTRATO

#### 28.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 210, 219 e 296 da TRLCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 156 e 219 da TRLCSP.

#### 29.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO


Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 da TRLCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 300 da TRLCSP.

## VII

### FINALIZACIÓN DO CONTRATO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



### **30.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se o obxecto do contrato non se atopase en condicións de ser recibido, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, a prestación efectuada non se adecua ó contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

### **31.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Ademais de en os supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 299 da TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 300 da TRLCSP.

### **32.- PRAZO DE GARANTÍA**

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o subministro realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar nos bens subministrados, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 225.4 da TRLCSP.

Se se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens fornecidos, a Administración poderá esixir ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados, ou a reparación dos mesmos, se esta fose suficiente.


Durante o prazo de garantía o contratista poderá coñecer e manifestar o que estime oportuno sobre a utilización dos bens subministrados.

Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de devanditos bens non será bastante para lograr o fin poderá, antes de expirar devandito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01

Sello o Certificación Mecánica



do contratista, quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

### **33. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 da TRLCSP.

### **34.- CONFIDENCIALIDADE**

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento do Protocolo Municipal de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

### **35.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL**

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Santiago de Compostela

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

### **36.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES**

A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do contrato soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa.

Transcorridos 4 meses desde a adxudicación definitiva do contrato sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01

Sello o Certificación Mecánica



## ANEXO I

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. ...., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en ....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a contratación de **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia**, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome ..... (propio ou das persoas/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:

Prezo base sen IVE (en letras e numeros) : \_\_\_\_\_ euros.

(\_\_\_%) IVE: \_\_\_\_\_ euros.

Prezo total IVE incluído: \_\_\_\_\_ euros.

Lugar, data e firma do licitador



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



## ANEXO II

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia** declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONXI15X	<i>Expediente</i> CON/99/2013	<i>Fecha</i> 10-10-13 09:01



**ANEXO III**  
**(Modelo de Aval)**

La Entidad \_\_\_\_\_ (1), con CIF nº \_\_\_\_\_, domicilio en (2) \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, y en su nombre \_\_\_\_\_ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

**AVALA**

A \_\_\_\_\_ (4), con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_ en virtud de lo dispuesto en los artículos 95 y siguientes del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (TRLCSP), para responder de las obligaciones derivadas del expediente \_\_\_\_/\_\_\_\_ (5) relativo a la contratación de \_\_\_\_\_ (6) tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía \_\_\_\_\_ (7) por importe de \_\_\_\_\_ Euros (\_\_\_\_\_).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en el TRLCSP y legislación complementaria.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Fdo. \_\_\_\_\_

**BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE \_\_\_\_\_ (8)**  
Provincia Fecha Número o código

(1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.

(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastatea el poder.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONXI15X	Expediente CON/99/2013	Fecha 10-10-13 09:01



### INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

Visto o expediente denominado "**Subministro e instalación de equipamento para a creación dunha área de xogos infantís na Praza de Galicia**", quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), nos atopamos ante un suposto de contrato de subministros, de carácter administrativo segundo o disposto no artigo 19.1.a) da TRLCSP, e tramitárase por procedemento aberto, regulado nos artigos 157 a 161, seguindo os requisitos relativos á publicidade da licitación que establece o artigo 142 da TRLCSP.

En canto ás normas específicas que regulan o contrato de subministros, estarase ó disposto nos artigos 290 a 300 da TRLCSP.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido no TRLCSP na medida na que se define o obxecto do contrato e a súa codificación na nomenclatura CPV, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato (art. 22 TRLCSP), que quedan xustificadas na correspondente memoria, o réxime xurídico e a duración concreta do contrato e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Indícanse, así mesmo, os criterios de adjudicación e de avalización das ofertas coa súa ponderación, consonte ó establecido no artigo 150 da TRLCSP.

Analizados, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, éste cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos polo TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adjudicación do contrato.

O expediente de contratación, de **tramitación urgente**, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 109 da TRLCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2013.

**A XEFE DE SERVIZO,**  
**Asdo.: Rocio Montañés Fernández**



**Conforme o Director da Asesoría Xurídica,**

**Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle**









## **INDICE**

1. ANTECEDENTES.
2. OBXECTIVOS.
3. RESUMO DO ORZAMENTO.
4. PROSTA DE INTERVENCIÓN.
5. XOGOS, MOBILIARIO E OUTROS EQUIPAMENTOS.
6. CONDICIÓNS TÉCNICAS.
7. PRAZO DE EXECUCIÓN.
8. GARANTÍA.
9. ORZAMENTO.
10. REPORTAXE FOTOGRÁFICA E PLANOS.

## **1. ANTECEDENTES.**

Dende hai uns anos, no Concello de Santiago de Compostela estanse potenciando os espazos lúdicos infantís, co obxecto de crear equipamentos de proximidade que axuden a concilia-la vida laboral e profesional dos veciños.

Neste sentido e, unha vez acadado un nivel de calidade moi importante nas instalacións, o Concello ten a necesidade de evolucionar no ámbito do ocio infantil, cara a maior polivalencia das súas instalacións, así como cara a maior versatilidade dos espazos, que permitan desfrutar con autonomía dos situados nas prazas, parques e xardíns fronte ás inclemencias climatolóxicas normais. E todo o anterior, partindo do emprego de materiais e instalacións de fácil mantemento e integración estética coa contorna urbana máis próxima.

## **2. OBXECTIVOS.**

Varios son os obxectivos que debe cumprila intervención que se propón.

Inicialmente, darlle resposta á demanda veciñal, facilitando o coidado dos nenos polos seus acompañantes, xa que actualmente se teñen que desprazar a zonas bastante lonxanas.

Outro dos obxectivos céntrase en converte-la praza en algo máis que unha simple glorieta reguladora do tránsito. A intención é , ademais de mellora-lo aspecto visual e a integración na zona a través da xardinería e de lle dar desposta á demanda de xogos infantís na zona, aproveita-la intervención para crear un espazo de encontro e estancia, principalmente para os maiores, optimizando o uso dun espazo tan céntrico.

En resumo, o obxecto do presente proxecto é a convocatoria dun concurso para a contratación da instalación dunha área de xogos infantís, a retirada do caseto metálico, o equipamento con mobiliario, a creación duns estanques de auga, a protección da seguridade e tamén a remodelación e mellora dos axardinamentos co persoal do Departamento de Parques e Xardíns.

## **3. RESUMO DO ORZAMENTO.**

*CREACIÓN DUNHA ÁREA DE XOGOS INFANTÍS NA PRAZA DE GALICIA*



CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	OBRA CIVIL	32.599,70€
	<i>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL</i> 19% Gastos Xerais e Beneficio Industrial	27.394,70 5.205
2	SUBMINISTRACIÓNS	89.545€
3	SEGURIDADE E SAÚDE	2.000€
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA		124.144,70€
IVE (21%)		26.070,38€
<b>ORZAMENTO TOTAL DE EXECUCIÓN POR CONTRATA</b>		<b>150.215,08€</b>

Ascende o orzamento de execución por contrata á cantidade de 124.144,70€ que incrementada co 21% de IVE, supón un *Orzamento total de execución por contrata* de **cento cincuenta mil douscentos quince euros con oito céntimos (150.215,08€)**.

#### **4. PROPOSTA DE INTERVENCIÓN.**

A proposta de intervención divídese en tres partes ben diferenciadas:

1ª PARTE: a correspondente á mellora da xardinería, que será efectuada pola concesionaria do *Servizo de mantemento de zonas verdes municipais*, sen custo ningún.

2ª PARTE: será a correspondente á obra civil (sen xardinería).

3ª PARTE: inclúe os xogos infantís, o chan de seguridade, o mobiliario, o peche metálico e o deseño do xogo de auga nos estanques pequenos.

Agás a 1ª e a 2ª PARTE (correspondentes a xardinería e obra civil) que serán executadas segundo o proxecto, os equipamentos restantes serán de temática e deseño libre para os concursantes.

#### **OBRA CIVIL**

Inclúe os labores previos de retirada das árbores e arbustivas afectadas polas obras aos viveiros municipais de Lamas de Abade, para a súa posterior reutilización.

Tamén a demolición e retirada posterior ao vertedoiro, do muro de mampostería.

Os traballos da obra civil, consistirán basicamente no que de seguido se detalla:

- Colocación dun bordo de hormigón para a creación da xardinería paralela ao peche metálico que vai protexe-la el área de xogos infantís, cun ancho interior de 30cm e cun alto de 3cm.
- Recolocación dos bordos e dos pavimentos nas zonas afectadas polas reformas do trazado, incorporando os materiais que fosen necesarios e sempre das mesmas características que os existentes.
- Impermeabilización dos futuros estanques e fervezas, incluíndo as obras necesarias para o sistema hidráulico e a corrente eléctrica.
- Soleiras de formigón de 8cm de grosor e sub-base de zahorra artificial compactada de 10cm, así como o caixeadado e o nivelado na zona dos xogos infantís.
- Construcción dunha pérgola metálica na zona que ocupa na actualidade a caseta de información turística.

## **5. XOGOS, MOBILIARIO E OUTROS EQUIPAMENTOS.**

### **XOGOS INFANTÍS.**

Dada a variedade de modelos existentes na actualidade, os licitadores terán ampla liberdade para oferta-lo número, tipo de elemento de xogo e chan de seguridade, que consideren máis axeitado.

Tanto os xogos coma o chan de seguridade, deberán posuír un elevado contido lúdico e estaren deseñados de xeito que sexan estimulantes para a imaxinación infantil, ademáis de serviren para o desenvolvemento físico e mental do neno.

A área infantil deberá ser deseñada considerando o seu uso simultáneo polo maior número de nenos posible, e contará con xogos aptos para distintas idades e condicións físicas.

Tamén se ha ter en conta o tipo de accesos, co obxecto de acadar a maior accesibilidade posible para nenos coa mobilidade reducida.

Os elementos de xogo deberán formar un conxunto homoxéneo coa contorna e seren complementarios e compatibles co resto dos elementos. Deberán estar fabricados con materiais de alta calidade, valorándose aqueles materiais que faciliten o seu mantemento posterior, que os custos derivados sexan mínimos e máxima a súa resistencia a actos vandálicos.

As superficies sobre as que han cae-los menores ao empregaren os elementos de xogo, serán de materiais brandos, de xeito que permitan a absorción dos

impactos e o amortecemento dos golpes, segundo o disposto na normativa UNE-EN 1177.

Os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumprimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respecto medioambiental ISO 14001.

Así mesmo, tódolos elementos de xogo deberán observar o disposto na normativa de seguridade vixente para as áreas de xogo infantís e coa que, durante a vixencia do contrato, se aprobe como norma ou lexislación.

A relación da normativa de seguridade que se deberá respectar, é a que de seguido se detalla:

- Decreto 245/2003 de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís da Xunta de Galicia e as súas modificacións posteriores.
- UNE-EN 1176/2011 de equipamentos das áreas de xogo e superficie.
- UNE-EN 1177 de revestimentos das superficies das áreas de xogo absorbentes de impactos.
- Certificarase e homologarase a área de xogos, mesmo o chan amortecedor, por unha empresa de inspección acreditada pola ENAC ou por outro órgano competente.
- Con carácter xeral, observarase o disposto na lexislación ambiental estatal, europea e da Comunidade Autónoma de Galicia, e calquera outra normativa que poida ser aplicada ao bo estado das áreas de xogo infantís.

O chan de seguridade combinará as cores e as formas na mesma liña que a temática da área. O seu deseño deberá posuír un elevado valor lúdico, ser estimulante para a imaxinación infantil e servir para un mellor desenvolvemento físico e mental do neno.

### **MOBILIARIO.**

Estará integrado polos bancos, as papeleiras, e a cartelería de información xeral da área de xogos.

As unidades, os modelos e os deseños dos bancos, así como das papeleiras e a fonte, situaranse preferentemente na zona da pérgola e naquelas zonas que se consideren axeitadas. Serán cómodos e formarán un conxunto harmónico co resto dos equipamentos.

### **OUTROS EQUIPAMENTOS.**

A zona dotarase con estanques pequenos, tal e como se indica nos planos, con movementos de caudal facendo ferverzas e outros chorros artísticos de auga e mesmo luces.

Tamén se incluírá unha pérgola metálica e un peche metálico no lateral do vial na área de xogos.

Outros elementos que se incorporará, será un mastro para a colocación da bandeira galega, no lugar indicado expresamente nos planos.

## **6. CONDICIÓN S TÉCNICAS.**

### *CONDICIÓN S XERAIS DO SERVIZO DE MANTEMENTO.*

A empresa adxudicataria realizará durante o 1º ano, a contar dende a data de recepción da instalación, o mantemento correctivo dos elementos das áreas de xogo obxecto do contrato.

Considérase *mantemento correctivo* calquera reparación que sexa requirida polos servizos técnicos do Departamento de Parques e Xardíns, coa fin de garantir que ningún elemento permaneza en condicións non axeitadas.

O dito servizo incluirá:

- Os xogos infantís.
- As superficies amortecedoras.
- O mobiliario e as sinalizacións.
- Os equipos e as permeabilizacións dos estanques.

Polo tanto, non se incluírán os traballos de mantemento da xardinería.

Ante calquera aviso, a empresa adxudicataria realizará a inspección e corrección do desperfecto observado, reparando as partes que se atopen en mal estado e restablecendo a funcionalidade dos equipos.

Para as reparacións empregaranse sempre pezas orixinais do fabricante. A reposición das pezas danadas, será pola conta da adxudicataria, independentemente das circunstancias do deterioramento, mesmo os derivados de actos vandálicos.

Tódalas actuacións serán recollidas nunha ficha de mantemento correctivo, que servirá de documento de control das accións realizadas en cadanseu equipo instalado, así como da operatividade e da eficacia dos traballos realizados.

Esixírase un compromiso "por escrito" da empresa adxudicataria, da disposición de pezas e orixinais para os repostos, suficientes para un período mínimo de 10 anos.

### *OUTRAS OBRIGAS DO CONTRATISTA.*

As prestacións efectuaranse segundo as condicións que de seguido se detallan, das que se derivarán dereitos e obrigas para ámbalas dúas partes contratantes:

- A instalación dos elementos que van subministrar, estará suxeita ás condicións anteriores.
- Disporase do persoal necesario (tanto en número coma en capacidade profesional) así coma dos medios auxiliares necesarios para a boa realización dos traballos.
- Tamén se disporá dos almacéns necesarios para os materiais, así coma dos repostos necesarios en cantidades mínimas, para asegura-lo desempeño dos labores asignados.

### *PROTECCIÓN, SINALIZACIÓN E INFORMACIÓN DOS TRABALLOS.*

Por se tratar de traballos que se van desenvolver preto da vía pública, considéranse de vital importancia as medidas de seguridade que se deben adoptar, as cales deberán garanti-la eliminación dos riscos para os usuarios e para os mesmos traballadores.

A zona da ocupación, acoutarase por medio de cintas ou valos metálicos coa sinalización oportuna.

### *CONTROL DE CALIDADE.*

O Concello, a través dos servizos técnicos, resérvase o dereito a rexeitar aqueles elementos (ou componentes) que non cumpran coas especificacións.

Así mesmo, poderá ordena-las análises e os controis de calidade que considere necesarios, efectuados en laboratorios especializados. O custo dos ditos ensaios, será responsabilidade da adxudicataria.

O contratista está obrigado a substituír, de xeito inmediato e sen custo ningún para o Concello, os elementos e componentes que non cumpran coas especificacións ou que non superen os anteditos ensaios, con independencia da aplicación do réxime sancionador establecido para este tipo de supostos.

### *PROTECCIÓN MEDIOAMBIENTAL*

É interés primordial do Concello que o contrato destaque pola protección medioambiental, coa fin de evitar molestias para a cidadía, dado que os traballos e a actuación en xeral se vai desenvolver na vía pública.

Por todo o anteriormente exposto e, con independencia da eliminación dos residuos que se propón de seguido, a totalidade dos materiais empregados no mantemento e nas reparacións, deberase axustar á normativa vixente, incluíndo os produtos de limpeza, as pinturas, os disolventes e os tratamentos das madeiras.

Así mesmo, tanto os equipos empregados coma os traballos realizados, deberán cumprir escrupulosamente coa normativa vixente en materia de contaminación acústica.

Os residuos resultantes da realización dos traballos, así como as embalaxes, envases baleiros, etc, serán retirados polo contratista sen se permiti-la súa permanencia no lugar das obras.

Segundo o establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos da construción e demolición (RCDS) e os requisitos ambientais do Departamento de Parques e Xardíns, as empresas contratistas/subcontratistas das obras deberán:

1. Incluír nos proxectos de execución un "Estudo de xestión de RCDS" co contido mínimo establecido no artigo 4.1 do Real decreto 105/2008.
2. Xestionar os RCDS segundo a lexislación aplicable e os criterios indicados polo Departamento de Parques e Xardíns.
3. Dispoñer da documentación que acredite que os RCDS realmente producidos foron xestionados, de se-lo caso, na obra ou entregados nunha instalación de valorización para o seu tratamento por xestor de residuos, nos termos establecidos na lexislación e no estudo de xestión. A dita documentación deberá porse a disposición do Departamento de Parques e Xardíns.

## **7. PRAZO DE EXECUCIÓN.**

Considérase suficiente, para levar a cabo a execución das obras, un prazo de 2 meses, que comezará a contar dende a data de sinatura da correspondente ACTA DE COMPROBACIÓN DA TRAZA.

## **8. GARANTÍA.**

O período de garantía de tódolos elementos será de **1 ano**. A garantía abranguerá tódolos vicios ou defectos de fabricación, transporte e instalación.

O prazo de garantía comezará a contar dende a data de sinatura da **ACTA DE RECEPCIÓN**, podéndose mellora-lo dito período nas ofertas.

*Santiago de Compostela, outubro de 2013.*

*O xefe do Departamento de Parques e Xardíns*

*Arquitecto Municipal*

*Asdo: José A. Mosquera Rodríguez.*

*Arq. Diego Brieg Mosquera*

## 9. ORZAMENTO.

<i>Ud</i>	<i>Descripción</i>	<i>Medición</i>	<i>Prezo</i>	<i>Importe</i>
<b>OBRA CIVIL</b>				
<b>m2</b>	<b>Demolición de muro de mampostería 1 metro de altura</b> Demolición de muro de mampostería tomada con cemento, de altura un metro e de espesor e 40 cm, retirada de entullos a xestor autorizado <i>Zona construción rampa</i> <i>Acceso a ferveza</i>	37,5  36 1,5	24,00 €	27.394,70 € 900,00 €
<b>m2</b>	<b>Elevado de muro mampostería ata 90 cm</b> Muro de mampostería de pedra de Santiago, en muros de 40 cm de espesor e altura 0,9 m, a dúas caras vistas, executado con mampostos irregulares sen labrar, cunha cara preparada para presentar no paramento visto, perpiños para arriostramento transversal e ripio para acufiamiento, sentados con morteiro de cemento 1:6 de cemento e area de río, sen que se produza a concorrencia de 3 vértices de mampuestos nun punto e con xuntas entre mampuestos de 1-2 cm, i/preparación de pedras, reformulo, nivelación, aplomados, diminucións e limpeza, medido o volume executado en obra, deducindo ocos superiores a 2 m2, s/ NTE/EFP.	7	70,00 €	490,00 €
<b>m2</b>	<b>Construcción solera de formigón e nivelado do terreo a cotas finais</b> Nivelado do terreo, e a retirada e ou transporte de terra necesaria, e construción de pavimento continuo de formigón para posterior recubrimiento de pavimento de caucho, formigón HP-35 de resistencia característica a flexotracción, en espesores de 8 cm, mesmo estendido, encofrado de bordo, regleado, vibrado, curado con produto filmógeno, estriado ou ranurado e p.p. de xuntas, medido o volume executado en obra. Recubrimiento de caucho non incluído neste prezo. <i>Rampa pte 8%</i> <i>Zona de xogos</i>	253  27 226	18,50 €	4.680,50 €
<b>m</b>	<b>Demolición bordillo granito</b>	27,4	8,00 €	219,20 €

	Demolição de bordo de granito, limpeza e acopio en obra para posterior utilización e retirada de entullos a xestor autorizado			
	<i>Acceso a zona de zogas</i>	6		
	<i>Ensanche da beirarrúa</i>	10,2		
	<i>Ensanche da beirarrúa</i>	11,2		
<b>m</b>	<b>Bordillo de formigón de xardinería</b>	<b>35</b>	<b>28,00 €</b>	<b>980,00 €</b>
	Bordo formado por pezas formigón prefabricado, sentado sobre cama de area e recibido con morteiro 1/6 de cemento, i/preparación do asento, encontro co pavimento existente, rejuntado con lechada 1/4, medida a unidade colocada en obra.			
<b>u</b>	<b>Tala de árbores</b>	<b>4</b>	<b>50,00 €</b>	<b>200,00 €</b>
	Tala de arbole existente e retirada de restos a xestor autorizado			
<b>m2</b>	<b>Pavimento de granito</b>	<b>33,5</b>	<b>85,00 €</b>	<b>2.847,50 €</b>
	Pavimento de laxas irregulares de pedra de granito, igual o existente na praza, de 8 a 12 cm de espesor cunha cara lisa, sentadas con morteiro 1/6 de cemento sobre firme existente, i/retacado, rejuntado con lechada de cemento e limpeza, medida a superficie executada en obra.			
	<i>Acceso a zona de zogas</i>	11,5		
	<i>Ensanche da beirarrúa</i>	22		
<b>m</b>	<b>Bordillo de granito, construído co material desensanblado</b>	<b>9</b>	<b>34,00 €</b>	<b>306,00 €</b>
	Bordo recto, de granito disponible en obra, colocado sobre soleira de formigón central HM-15/20 non estrutural, de 15 cm de espesor, incluída escavación necesaria, rejuntado con morteiro 1/4 de cemento e area de río, deixando xuntas de menos de 1 cm de separación, e limpeza, medida a cinta corrida a lonxitude colocada en obra.			
<b>m2</b>	<b>Camión de lousas de pedra</b>	<b>25,5</b>	<b>43,00 €</b>	<b>1.096,50 €</b>
	Pavimento de laxas irregulares de pedra de granito, asentadas en terra, e sementeira de cespede nas xuntas.			
<b>u</b>	<b>Base de formigón para ancoraxes</b>	<b>5</b>	<b>135,00 €</b>	<b>675,00 €</b>



Cimentación con hormigón HM-20/P/20/I para anclaje de columna de 3 a 6 m de altura, incluso placa y pernos de anclaje.

*Mastro bandeira*

*Pérgola*

1  
4

**pa Construcción de cascada - estanque equipada con xogos de luz e auga**

Partida alzada para:

Instalación hidráulica composta por:

Circuíto de aspiración, composto por rejilla-filtro construída en chapa perforada con marco angular, ambos de aceiro inox., desmontable con asas, diámetro de paso igual ao diámetro menor das toberas.

Conxunto de maquinaria hidráulica composto por grupo electrobomba sumergible, capaz de fornecer o caudal necesario para os xogos de auga proxectados, mesmo soportes. Calderín xeral de distribución a xogos de auga, realizado en aceiro galvanizado por inmersión, con acometida desde a bomba e saídas aos circuítos de impulsión, mesmo válvulas e bridas. Circuítos de alimentación para os xogos de auga proxectados realizados en tubaxe e accesorios en aceiro galvanizado en quente, onde van axustadas as toberas que conformarán os chafarices, incluso bridas, cóbados, válvula e accesorios de empalme e derivación. Circuítos auxiliares de enchido, baleirado e rebosadero da fonte, realizado en tubo de polietileno ou similar, provista de válvula de comporta, desde arqueta de enchido tangente ao estanque. Sistema anemométrico de control de apagado automático da fonte, composto por sonda anemométrica, instalada sobre báculo existente, mesmo cableado e conexión en cadro.

1

15.000,00 €

15.000,00 €

Instalación de forza composta por:

Módulo do cadro de protección e manobra, para a instalación de forza (situado en armario tipo interperie común ao de iluminación), contendo:

- Interruptor xeral automático.
- Interruptor de protección diferencial por corrente de defecto.
- Arrancador estrela triángulo con relés de protección.
- Contactores interruptores magnetotérmicos de protección para circuitos de saída.
- Reloxo programador para posta en marcha e paro automático.
- Pilotos de sinalización e pequeno material de conexión.
- Cableado, conexión e montaxe.

Conxunto de liña de alimentación aos motores eléctricos, realizado en condutor de Cu 0,6/1 Kv baixo tubo illante, mesmo pequeno material.

Subministración e instalación de nivel "mínimo" de auga na fonte.

Instalación de iluminación composta por:

Módulo do cadro de protección e manobra, para a instalación de iluminación (situado en armario tipo interperie común ao de forza), contendo:

- Interruptor xeral automático.
- Interruptor de protección diferencial por corrente de defecto.
- Transformador de seguridade con apantallamento de separación de circuitos.
- Contactor tripolar xeral.
- Conmutador manual-automático.
- Reloxo programador para posta en marcha e paro automático (común co de forza).
- Interruptores magnetotérmicos de protección para os circuitos de saída.
- Pilotos de sinalización e pequeno material de conexión.
- Cableado, conexión e montaxe.

Conxunto de liñas de alimentación aos puntos de luz da iluminación da fonte, realizados en condutor de Cu 0,6/1 Kv, canalizado até o proxector, mesmo caixas eléctricas de derivación e pequeno material.

Proxectores subacuáticos, fabricados en fundición da o-Se con pasaliños de latón e xuntas de neopreno, totalmente estancos, mesmo protección antivandálica, lámpada halóxena, 100W, 220V, de cor branca, incluso p.p. de herraje galvanizado de sujeción, orientados e probados. Rede de terra da instalación segundo R.E.B.T., composta por terra xeral e auxiliar para defecto de tensión e terra de pantalla do transformador, mesmo pontes de proba, condutor de Cu.

Obra civil composta por:

Encachado de pedra calcaria 40/80 de 15 cm de espesor en sub-base de soleira, mesmo estendido e compactado con pisón.  
Soleira de formigón de 20 cm de espesor, realizada con formigón gunitado proxectado a 7 atm de presión, tamaño máx. árido 20 mm, mesmo vertedura, armado con mallazo de AEH-500 S de 15x15x6 mm, p.p. de xuntas.  
Muro perimetral de 15 cm de espesor, realizada con formigón gunitado proxectado a 7 atm de presión, sobre encofrado perdido de fábrica de ladrillo de 1/2 pé, tamaño máx. árido 20 mm, mesmo vertedura, armado con mallazo de AEH-500 S de 15x15x6 mm, p.p. de xuntas.  
Subministración e colocación de chapado de muro perimetral, realizado en pedra artificial, en pezas de 3 cm de espesor, mesmo selado de xuntas e limpeza.  
Subministración e colocación de albardilla de coroación perimetral, realizado "in situ" en pedra artificial, en pezas de 8 cm de espesor, mesmo selado de xuntas e limpeza.  
Formación arqueta aspiración de 250x80x70 cm, realizada con fabrica de ladrillo perforado de 1/2 pé de espesor recibido con morteiro de cemento, enfoscada.  
Arqueta sumidoiro de 50x50 cm de sección útil construída con fabrica de ladrillo macizo de 1/2 pé de espesor recibido con morteiro de cemento, enfoscada.  
Mesmo accesorios, tornillería e man de obra para a súa completa instalación.

**SUBMINISTROS**

<b>u</b>	<b>Fonte bebedeiro</b> Subministro e instalación de bebedeiro, fixada a unha base de formigón HM-20/P/20/l. Ubicación según dirección de obra.	<b>1</b>	<b>1.125,00 €</b>	<b>87.125,00 €</b>
<b>m</b>	<b>Valo metálico de 180 cm de alto</b> Subministro e montaxe do peche da parcela de 1,8 metros de altura. Formado por malla electrosoldada, bastidor cor gris de medidas 275*180 cm de perfís 40x40x1,8 (horizontales) e 30x30x1,8 (verticais), con mallazo electrosoldado 300x50 diámetro 5mm alambres verticais e diámetro 6mm alambres horizontais. Postes de chapa de aceiro de Ø60x2 mm de 190 cm de altura, para empotrar. Incluso p/p de replanteo, apertura de ocas, recheo de formigón para recibido de postes, colocación da malla e accesorios de montaxe e tensado do conxunto.	<b>38</b>	<b>75,00 €</b>	<b>2.850,00 €</b>

u	<b>Mastro para bandeira de 10 m de alto, en aceiro inoxidable.</b> Subministro e instalación de mastro para bandeira de aceiro inoxidable de 10 metros de altura, incluído o subministro da bandeira.	<b>1</b>	<b>1.750,00 €</b>	<b>1.750,00 €</b>
pa	<b>Área de descanso con pérgola metálica e mobiliario urbano</b> Partida alzada para o equipamento de área de descanso composta mobiliario urbano variado e pergola de estrutura metálica de medidas 8,25x7,85 m e altura 2,8 m; formada por 4 columnas verticais de dobre T de aceiro de medidas 12x6 cm, 2 vigas horizontais de tubo de aceiro de 10x6 cm, e cables de aceiro transversais cada 50 cm.	<b>1</b>	<b>6.400,00 €</b>	<b>6.400,00 €</b>
pa	<b>Área de xogos infantís</b> Área de xogo infantil, incluídos equipamentos de xogo, pavimento de seguridade para caídas de até 3 m de altura, valo de madeira de 90 cm de altura de madeira e porta de acceso equipada con pechadura <i>Rampa pte 8%</i> <i>Zona de xogos</i>	<b>1</b>	<b>75.000,00€</b>	<b>75.000,00€</b>
		<i>27</i>		
		<i>226</i>		

## SUBMINISTROS E PLANTACIÓN

pa	<b>Reforma da xardinería e automatización da rega</b> Partida alzada para plantación en masa de herbáceas perennes e vivaces, incluída a instalación de sistema de rega automática, o abonado de fondo, recebo de mantillo, laboreo do terreo e volteo do abono engadido e primeira rega, planta incluída.	<b>1</b>	<b>Sen custo</b>	<b>Por admón.</b>
u	<b>Suministro e plantación de <i>Wisteria sinensis</i> "Alba" altura 7 a 8 m ct</b> Suministro e plantación de <i>Wisteria sinensis</i> "Alba" de 7 a 8 m de altura, fornecidas en colector ou cepellón, recheo lateral e apisonado moderado con terra de cabeza seleccionada da propia escavación, mesturada con terra vexetal limpa e cribada nunha proporción do 25%, formación de alcorque e primeira rega, completamente executado.	<b>4</b>	<b>42,50 €</b>	<b>170,00 €</b>
u	<b>Suministro e plantación <i>Prunus laurocerasus</i> 180/200 ct</b>	<b>75</b>	<b>30,00 €</b>	<b>2.250,00€</b>

Subministro e plantación de "Laurus nobilis" de 180/200 cm de altura, fornecidas en colector, recheo lateral e apisonado moderado con terra de cabeza seleccionada da propia escavación, mesturada con terra vexetal limpa e cribada nunha proporción do 25%, formación de alcorque e primeira rega, completamente executado.

*Seto parque infantil*

*Masas en zonas verdes*

50

25

## SEGURIDADE E SAÚDE

pa Seguridade e saúde

1	2.000,00 €	2.000,00 €
	Suma	118.939,70 €
	19 % Gtos xerais e beneficios	5.205 €
	Subtotal	124.144,70 €
	21% IVA	26.070,38 €
	<b>TOTAL</b>	<b>150.215,08 €</b>





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

PARQUES E XARDÍNS

**IMAXES DA PRAZA DE GALICIA**

**XULLO 2013**

7

7
























**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**PARQUES E XARDÍNS**

**PLANOS**





# LEND A

- 10 CURVA DE NIVEL
- CURVA MAESTRA
- ARBUSTOS
- EDIFICACIÓN
- MUROS
- LÍNEA BLANCA
- 125.25 COTA SINGULAR
- FAROLA
- PAPELERA
- SEMÁFORO
- ARQUETA
- ÁRBOL
- 2.225 BASE
- 254.24 BOLARDO
- COTAS ENTRADAS
- SUMIDERO
- ALCORQUE HEXAGONAL
- ALCORQUE RECTANGULAR
- SEÑALIZACIÓN INFORMATIVA
- QUIOSCOS
- CESPED
- POZOS
- SEÑALIZACIÓN VERTICAL
- SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL
- BORDILLO
- PARADA DE BUS
- REJILLA VENTILACIÓN
- BUZÓN CORREOS


INTERO RIOS



PRAZA DE GALICIA  
 CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



# L E N D A



1. Demolição de muro de mampostería
2. Elevado de muro mampostería ata 90 cm
3. Construcción de rampa de formigón pte 8%, e instalación posterior de pavimento de seguridade.
4. Fonte bebedeiro
5. Demolição bordillo granito
6. Porta de acceso
7. Nivelado do terreo, construción de soleira de formigón, e instalación posterior de pavimento de seguridade e xogos infantís.
8. Seto de prunus laurocerasus
9. Valo de madeira de 90 cm de altura
10. Valo metálico de 180 cm de alto
11. Reforma da xardinería e automatización da rega
12. Mastil para bandeira de 10 m de alto, en aceiro inoxidable.
13. Tala de árbores
14. Pergola metálica de 2,8 m de alto, area de descanso con mobiliario, plantación de 4 glicínias
15. Pavimento de granito
16. Bordillo de formigón de xardinería
17. Bordo de granito
18. Cascada e estanque
19. Camiño de lousas de pedra

